

## Son da Rúa encheu de alegría o inicio das festas de San Lourenzo de Belesar. #Baiona

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Sábado, 08 Agosto 2015 22:52

---



Son da Rúa deixa pegada na primeira celebración do seu festival na parroquia de Belesar. Centos de veciños e visitantes acudiron ao longo do día a visitar os postos de artesáns e produtos locais que ofreceu o encontro cultural co que deu comezo a festividade local de San Lourenzo.

Cedo a festa espallouse tamén polas redes. "Preparado o palco, postiños artesáns, e musiquiñas tradicionais de mañá para dar paso a Jam Sesión da tarde que abre ás 16:30 e seguirá con teatro e os concertos dos grupos de música ata ben tarde á noite!".

"Todo rodando e o Colectivo Son da Rúa con todo listo para logo dar paso aos grupos de música que van tocar esta noite".

Os post saían dende os perfís e páxinas da Casa Colorida, Belesar Dixital e unha chea de colectivos culturais implicados nunha festa que apostou por novos modelos de celebrar a identidade parroquial.

"Así de lindo e cheiño de xente vai o FESTIVAL SON DA RUA en BELESAR. Tardiña de sol coa actuación da Escola de Baile " Marcando pasos" e o comezo da Jam Session". Os avisos e post animaban a convocatoria nas redes e máis xente respondía e ía sumándose ao festival motivado pola chea de coloridas fotografías que amosaban a festa.

## **Son da Rúa encheu de alegría o inicio das festas de San Lourenzo de Belesar. #Baiona**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Sábado, 08 Agosto 2015 22:52

---

O mais aplaudido dos chíos "Achégate a comer chourizos de Torroña na cantina do Colectivo Son da Rúa". "Imos!!!"